

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

#

E

V
ENCONTRO

A

DE
ARTISTAS
NOVOS

N

CIDADE
DA CULTURA

DO 7 AO 11 DE
SETEMBRO DE 2015
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

PRESENTA
O TEU PROXECTO
ANTES DO
3 DE XULLO

Bases e máis información
en cidadedacultura.gal

5



GAIÁS CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de coworking, un viveiro de empresas e o espazo de crowdworking ‘Galicia Open Future’.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



A Cidade da Cultura de Galicia converterase por quinto ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais.

Será no V Encontro de Artistas Novos que se celebrará na Biblioteca e Arquivo de Galicia do 7 ao 11 de setembro de 2015.

Coordinado por Rafael Doctor, o Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou art followers. Unha edición máis, o EAN traerá ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados como Ana Laura Aláez, Damián Uceda, Aitor Saraiba, Menchu Lamas e Enrique Marty para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte.


Cada un dos participantes terá a posibilidade de realizar unha presentación pública centrada no seu traballo e

proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións. A maiores, a Cidade da Cultura abre a posibilidade de que algúns dos participantes sexan elixidos para realizar unha intervención artística nas Torres Hejduk do complexo (convocatoria exclusiva para os participantes no EAN, as bases explicaranse no mesmo Encontro).

O I Encontro de Artistas Novos conta cun total de setenta prazas ás que poden optar todos aqueles profesionais nados entre 1980 e 1996 –ambos os dous anos inclusive–, estudantes e licenciados en Belas Artes ou afíns e todos aqueles que demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico. Seguindo a senda iniciada no anterior EAN, vinte das 70 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que os demais candidatos. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas doutras xeracións nun proceso creativo aberto.

A consecución dunha praza inclúe matrícula de inscrición, estanza en réxime de pensión completa no complexo do Monte do Gozo de Santiago e transportes diarios desde o complexo ata a Cidade da Cultura.

PROGRAMA



XORNADA BENVIDA

Luns 7 de setembro de 2015

16:00 a
20:30 h. Recepción de alumnos. Monte do Gozo
21:00 h. Cea de Benvida.

XORNADA I

Martes 8 de setembro de 2015

09:00 h. Almorzo
10:00 h. Benvida e Percorrido pola Cidade Da Cultura
 María Pereira. Directora de Acción Cultural.
 Rafael Doctor. Director, V Encontro de Artistas Novos.
12:00 h. O autor e a súa obra. Ana Laura Aláez
13:00 h. O autor e a súa obra. Damián Ucieda
14:30 h. Xantar
17:30 h. Foro Aberto I
21:30 h. Cea

XORNADA II

Mércores 9 de setembro de 2015

09:00 h. Almorzo
10:00 h. O autor e a súa obra. Aitor Saraiba
12:00 h. Foro Aberto II
14:30 h. Xantar
17:30 h. Foro Aberto III
21:30 h. Cea

XORNADA III

Xoves 10 de setembro de 2015

09:00 h. Almorzo
10:00 h. O autor e a súa obra: Menchu Lamas
12:00 h. Foro Aberto IV
14:30 h. Xantar
17:30 h. Foro Aberto V
21:30 h. Cea

XORNADA IV

Venres 11 de setembro de 2015

10:00 h. Almorzo
11:00 h. O autor e a súa obra. Enrique Marty
13:00 h. Conferencia de peche e entrega de diplomas
14:30 h. Xantar de despedida

BIOGRAFÍAS / DIRECTOR

RAFAEL DOCTOR RONCERO

Historiador da arte, escritor e xestor cultural. En 1998 creou e dirixiu a revista *Apartado 14.479* e comezou a colaborar en diferentes medios de comunicación de arte contemporánea. Desde 1993 ata 2000 estará a cargo da programación da sala de exposicións do Canal de Isabel II de Madrid onde comisaria varias exposicións de fotografía contemporánea e onde porá en marcha as *Jornadas de Estudio de la Imagen de la Comunidad de Madrid*, que dirixirá nas súas primeiras sete edicións.

En 1997 asumirá a creación e dirección do Espacio Uno do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, onde estará ata 2001 comisariando unha vintena de exposicións. Ese mesmo ano no marco da Bienal de Venecia comisaria a exposición *Ofelia y Ulises. En torno al arte español contemporáneo* e comezará a ser o encargado da programación artística e didáctica da Casa de América de Madrid.

Desde finais de 2002 ata principios de 2009 porá en marcha e dirixirá o MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castela e León.

Comisariou a Noite en Branco de Madrid en 2009 e en 2010 a Noite da Lúa Chea de Segovia.

Desde outubro de 2009 a outubro de 2010 foi director da Fundación Santander 2016.

Desde 2011 ata a actualidade dirixe anualmente en Santiago de Compostela o Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura'.

En todos estos anos impartiu centos de conferencias e cursos en Centros de Cultura e Universidades de España, Europa e América e foi xurado dos premios máis importantes de arte nacionais, así como autor de numerosos textos para libros de arte e catálogos.

En 2003 recibiu a Medalla do Mérito Civil de parte do Ministerio de Asuntos Exteriores pola súa labor na expansión da cultura española.

É autor da novela *Masticar los tallos de las flores regaladas* (Almuzara 2006) e *La Tormenta de amor* (2013) e dos libros *Una historia (otra) de la fotografía* (Taller de Arte, 2000) e *Historias de la fotografía* (Taller de Arte, 2002).

En 2013 dirixiu a publicación *Arte Español Contemporáneo. 1992-2013* (La Fábrica), primeiro libro sobre historia da arte española deste período.

Na actualidade traballa como comisario independente, imparte cursos e obradoiros en diferentes institucións e é creador e director da editorial *Los Doscientos*, centrada en libros de artista e libros de historia da fotografía.

BIOGRAFÍAS / ARTISTAS

ANA LAURA ALÁEZ

Unha das artistas contemporáneas de maior renome en España. Defínese como unha “arquitecta de emocións” xa que transforma toda a súa vida en arte, plasmando os seus sentimentos directamente na obra. Unha das súa primeiras obras expúxose no Espai 13 da Fundació Joan Miró (Barcelona, 1992).

Ana Laura deuse a coñecer ao público en 1992 coa exposición *Superficie* no Espacio 13 da Fundación Joan Miró. Ana é fundadora, con César Rey e Daniel Holcim, do proxecto Geometrical Life de deseño de espazos. Tamén é a voz de Girlson Film e colabora co músico Ascii. disko. En 2003 publica o seu libro *Flúor*, onde presenta fotografías acompañadas por textos e desenvolve as súas inquedanzas estéticas máis grandes. O seu traballo é unha investigación e búsqueda continua de novos medios de expresión. Nas súas obras mostra unha preocupación especial polo espazo e a búsqueda da identidade persoal a partir delas. Tamén foi destacada noutras cidades como Toquio, Madrid, Berlín, París, Milán e Londres.

DAMIÁN UCIEDA CORTÉS

Damián Ucieda Cortés naceu en 1980 na Coruña, España. En 2004 completou os seus estudos en Ilustración na Escola Massana de Barcelona. Gradouse cun BA Hons en Fotografía por Edinbrough College of Art en 2007.

O seu traballo expúxose internacionalmente en institucións como Moscow Museum of Modern Art, National Portrait Gallery de Londres, Royal Scottish Academy, Museo Patio Herreriano de Valladolid ou Cidade da Cultura de Santiago de Compostela entre outros.

Recibiu a Bolsa Injuve 2008 e foi seleccionado en premios organizados pola Fundación Aena, Auditorio de Galicia, MAC, Nikon e Purificación García.

As súas obras forman parte das coleccións públicas do Ministerio de Cultura, Concello da Coruña, a Colección Arte Contemporáneo, Fundación Aena, Fundación Luis Seoane e Fundación María José Jove.

MENCHU LAMAS

Durante máis de vinte anos, desde a súa explosiva irrupción no escenario artístico, Menchu Lamas foi unha importante referente na pintura contemporánea española. As súas vigorosas pinturas icónicas, caracterizadas polas súas amplas pinceladas, as súas cores primarias, case rechamantes e o predominio de grandes e rectilíneos formatos son recoñecibles ao instante polas súas afinidades aos movementos Pop e Cobra e por unha iconografía reductiva baseada en formas sinxelas: torsos, mans e círculos que marcan a medida da extensión do brazo do artista.

A principios dos 80, Menchu Lamas era membro do Grupo Atlántica, unha libre asociación de artistas galegos interesados en rachar co “modernismo manierista e rexionalismo estilizado” que prevalecía nese tempo. Para ela, como para os outros membros do grupo, o uso da cor vibrante foi unha liberación que lle permitiu desenvolver unha linguaxe propia, resultando nunha serie de pinturas, elaboradas durante o curso dos últimos vinte e cinco anos, que son, á vez, íntimas e monumentais.

Menchu Lamas gozou dunha distinguida traxectoria de exposicións e a súa obra atópase entre as coleccións públicas e institucionais máis importantes do país, incluíndo o Museo Español de Arte Contemporáneo de Madrid, Fundació La Caixa de Barcelona, MACBA de Barcelona, Fundación Thomas de Munich e a Fundación Juan March.

ENRIQUE MARTY

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Salamanca. En 1995 obtivo a Bolsa Marcelino Botín. Desde finais dos anos 90, a súa obra adopta diferentes formatos, pintura, escultura, instalación, escenografía, teatro ou vídeo.

A través da súa obra, Enrique Marty sacúdenos e incomódanos ao enfrentarnos con personaxes e escenas que perderon o seu tranquilizador aspecto cotián para desprazarse ao terreo teatral do esperpento e a sátira. O absurdo, a tensión e a angustia soterrada afloran no seu traballo, desestabilizando a realidade convencional. Expuxo individualmente, entre outros lugares no Museo Lázaro Galdiano (Madrid), DA2 (Salamanca), Deweer Gallery (Otegem), Galería Enrique Guerrero (Mexico DF), One and J Gallery (Seúl), Kunsthalle Mannheim (Mannheim), GEM, Museum of Contemporary Art (A Haia), MUSAC (León), Centro de Arte Reina Sofía, Espacio Uno (Madrid). E en exposicións colectivas en De Directeurswoning (Roeselare), MKG (Hamburgo), Maison Particuliere (Bruxelas), MOT (Toquio), Artium (Vitoria), Gewerbemuseum (Winterthur), CAAM (As Palmas), Olbricht Foundation (Berlín), Museum Het Valkhof (Nijmegen), SMAK (Gante), ZKM (Karlsruhe), Carré D'art (Nimes), MOMA, PS1, (Nueva York), entre outros.

AITOR SARAIBA

Traballou e viviu en Cuenca, Manchester, México e Os Ánxeles. Licenciado en Belas Artes pola Universidad de Cuenca, desenvolve a súa obra en debuxo, fotografía, novela ilustrada, vídeo e escultura en cerámica. En 2012 presenta un documental fotográfico sobre fans do músico anglosaxón Morrissey titulado Let me kiss you no Centro de Arte 2 de Mayo, e en febreiro de 2010 expón de novo

fotografía, na Fresh Gallery (Madrid), xunto cos seus debuxos e pinturas. Ata xaneiro de 2012 expuxo na Galería de BLO a retrospectiva dos seus debuxos 10 Años Pintando la Mona. Tamén expuxo en Galería Fúcares, Madis Mad o Mutt, entre outros.

É autor de novelas ilustradas como *El hijo del legionario*, *Un pony muerto*, *Tus ídolos favoritos*, *El viaje más largo de mi vida*, *Heavy Metal*, *Pajarillo* e *Nada más importa*, a súa última novela gráfica. A conxunción entre literatura e ilustración permitiulle desenvolver a acción de rúa que denominou “debuxos curativos”, na que establece unha relación directa co público cando cada persoa lle conta as súas inquiredanzas, soños e angustias que el interpreta e exorciza en forma de ilustración. Este performance literario convertiuno nun dos convidados especiais da Noite en Branco 2009 de Madrid, Santander 2016 ou MUSAC.

A súa incursión na cerámica é a súa interpretación escultórica das propostas artísticas ata o de agora sinaladas. Son pezas numeradas en edición limitada que amosou en exposicións, tendas especializadas en decoración e das que realizou edicións especiais para a marca SISLEY.

En 2014 participa na colectiva Collage, en Twin Gallery, dentro do circuito A3Bandas, e a mostra individual *Nada más importa* (Panta Rhei, Madrid).

BIOGRAFÍAS / ART FOLLOWERS

PAULA CABALEIRO COMESAÑA

Licenciada en Belas Artes pola UVigo e máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas pola USC, é codirectora da feira de arte contemporánea Cuarto Público (Santiago de Compostela), directora en Galicia do Festival estatal Miradas de Mujeres, coordinadora do programa de residencias artísticas “Estudio Abierto” da Rede Museística de Lugo e Deputación de Lugo. Foi fundadora e directora da galería A.dFuga (Santiago de Compostela) e é coordinadora do “Encuentro Artistas En Red” (Museo Arqueológico de Cacabelos, en León). Foi membro do xurado dos Premios da Crítica de Galicia 2014 e membro do comité organizador do “Congreso Género, Museos, Arte y Migración” nas súas dúas edicións 2013 e 2015 (Rede Museística Provincial e Deputación de Lugo). Coordinou encontros de reflexión e ciclos como “Tras la huella de Bourgeois” (Fundación María José Jove, 2014), “Rede Coworking” (Rede Museística de Lugo 2013), “Da arte feminina á arte feminista”, “Os muros teñen a palabra” e “Enredados 20x5’ nexos” (A.dFuga Santiago de Compostela, 2012), e entrevistou en numerosas xornadas como “Fotografía Contemporánea en Galicia” PhotoEspaña2014 (Galería Dispara, A Estrada, 2014), “ARTE+MULLERES” (Consello da Cultura Galega, 2014) ou “SHE/ELA - Idiomas femininos - procesos-criativos, reflexións e resistencias” (Museu Romántico de Porto-Portugal, 2015). Entre os seus últimos comisariados, destacan “Arqueologías de lo íntimo” (Auditorio Ciudad de León, marzo 2013) xunto a Araceli Corbo, “Do papel ao xesto” na feria Cultural (Pontevedra, decembro 2014) xunto a Antón Sobral e a próxima mostra multisede “En (re)torno a paisaxe” (Museo de Pontevedra, Igrexa da Universidad da USC e M.AR.CA. de Cacabelos).

GUILLERMO ESPINOSA

Xornalista cultural desde mediados dos anos noventa, colaborou con diversos medios nacionais e internacionais (El País Semanal, Diario 16, La Gaceta de Canarias, Sublime Arte y Cultura Contemporánea, Elle, Shangay, Wad Magazine, Dedicate France) e foi redactor xefe das revistas Marie Claire España e Vanidad. Debuta como comisario de arte na segunda edición de *Casas y Calles* (2005) vinculándose desde entón á xestión independente de marcado carácter underground e non profit. Foi cofundador xunto a Tolo Cañellas de “The Black Pillar:

Flat Art for a Flat DarkWorld”, un proxecto autofinanciado de site-specifics levado a cabo en Madrid con artistas nacionais e internacionais (Angelo Plessas, Dean Sameshima, Martín Sastre, Sandra Gamarra, Ruth Gómez, Pepo Salazar, etc). Desde 2009 comisaria regularmente Espacio Frágil, un escaparate para proxectos de site-specific ou pequeno formato con artistas nacionais (Diana Larrea, Carles Congost, Carmela García, Andrés Senra...) e emerxentes (Diego del Pozo, Bubi Canal, Javier Fresneda...), fundado tres anos antes por Andrés Mengs, Giulietta Speranza e Virginia Torrente, e que é hoxe un dos proxectos non-profit máis lonxeiros da capital. En 2011 funda PAMM (Performing Art Mirror Madrid), un proxecto deslocalizado de difusión da performance, co que realizou por agora tres proxectos, coa barcelonesa afincada en Londres Esther Planas, o colombiano Juan Pablo Echeverri e o barcelonés R. Marcos Mota. Foi tamén profesor de Xornalismo de Moda e Novos formatos de Moda no IED de Madrid durante algún anos, e tamén exerceu de programador cinematográfico para cineclubs, festivais de curtametraxe como Almería en Corto e feiras de arquitectura como Eme3 Barcelona nas súas tres primeiras edicións.

JAVIER DÍAZ-GUARDIOLA

Licenciado en Xornalismo pola Universidad Complutense de Madrid. Inicouse profesionalmente na Axencia EFE e o diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicacións como Turia.

Coautor do libro *Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid* (CAM, 2007), así como autor de numerosos textos para catálogos.

Foi comisario de “Circuitos’08”, o programa de promoción de arte novo da Comunidade de Madrid, “En proceso: disculpen las molestias” (galería Raquel Ponce, 2010) e “Matar al mensajero” (galería Fernando Pradilla, 2013).

Na actualidade coordina as seccións de arte, arquitectura e deseño de ABC Cultural e o ABCDARCO. É responsable do blog de arte “Siete de un golpe”.

ÁNGEL CALVO ULLOA

É licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e máster en Arte Contemporánea: Creación e Investigación pola Universidad de Vigo.

Como crítico é redactor xefe de Dardo Magazine e redactor de A*deskCriticalThinking.

Como comisario levou a cabo o proxecto de intervencións públicas *Un disparo de advertencia* (Lalín, Pontevedra) en 2011, a exposición individual *Natureza! Estás soa?* de Álvaro Negro no PALEXCO (A Coruña) en 2011; a exposición colectiva *Welcome to my loft* no Centro Torrente Ballester de Ferrol en 2012; *Wily Forza Ingobernable* no FAC (Santiago de Compostela) en 2013; *Agora!*, proxecto de intervencións no espazo das Bodegas Martín Códax (Cambados, Pontevedra) en 2013; *Sssh! del silencio un lenguaje na Galería Nuble* (Santander) en 2013 ou o proxecto *Diálogos Improbables no Non Lugar* (Lalín, Pontevedra). Durante 2014 comisariou *Crise de Identidade* na Fundación Granell (Santiago de Compostela); *En el coche de San Fernando* en SALÓN (Madrid); *Sobre el muro* en la galería L21 (Madrid) dentro do programa *Jugada a 3 Bandas*; *Ende der party* en Tokonomma Apartment (Kasel); *COMERCULEBRA* en 1er Escalón (Murcia) ou *Fugir para lado algum dentro do programa Expedicao* no espazo Maus Hábitos (Oporto).

Actualmente desenvolve *INTERTEXTUAL*, un ciclo de intervencións para o MARCO (Vigo).

Foi premiado dentro do programa *Inéditos 2014* por La Casa Encendida onde realizou a exposición *Aprender a caer*.

Recentemente foi premiado dentro da convocatoria de artes visuais de Can Felipa (Barcelona) para realizar o proxecto *Aun un paisaje tranquilo...* en 2015.

Participou en proxectos virtuais como *They've left us alone para The Naked*, La Haya (2014); *ALTERNATIVA* para XTRart (2014) ou *Numismática con río Miño al fondo* con Fermín Jiménez Landa para Curatorial Clube (2014).

É membro do colectivo Os Tres co que elabora o programa expositivo do Espazo Miramemira (Santiago de Compostela).

CARLOS COPERTONE

Carlos Copertone (Cáceres, 1973) é doutor en Dereito especializado en urbanismo e ordenación do territorio. O estudo da cidade, a arquitectura e os desenvolvementos urbanos foron os seus principais ámbitos de actuación. Como comisario, a súa primeira experiencia centrouse na utilización das redes sociais como materia para a creación e como plataforma expositiva para o traballo de artistas españois e latinoamericanos: o Proyecto Ascensión Amaro amosou durante un ano as creacións que propoñía semanalmente cada artista, e deliberadamente misturaba creadores consagrados (Silvia Prada, Guillermo Mora, Aldo Chaparro, Itziar Okariz, Germán Gómez...) con outros emerxentes.

Colaborou con Atelier des Jeunes, organizando un diálogo entre os artistas Rachael Champion e Joaquín Peña-Toro. En canto a exposicións individuais, ocupouse das mostras de Gorka Olmo (Abrigo, Cobijo e Fuego), Diego Etxeberria (Amateurismo) e Yolanda Andrés (Piezas Excepcionales).

Durante este 2015 foi o comisario encargado da programación Off do Zinegoak (Festival de Cine do País Vasco) coa exposición *Paraísos Artificiales*, na que participaron Garazi Lara Icaza, Veronica Eguarás, Colectivo Kauffman e Valeria Vegas. Os seus últimos proxectos son a exposición individual *Exteriores de Naves Espaciales Abandonadas*, de Nacho Canut. Ademais, foi convidado pola Galería 6más1 a participar como comisario en *A3Bandas*, na que presentou *La Cuarta Pared*, proxecto no que participan os artistas Patrik Grijalvo, Karlos Martínez B. e os arquitectos Amid.Cero9 e que se desenvolve actualmente en Madrid.

Entre as publicacións coas que colabora: Architectural Digest (AD España), MAS Context, Archdaily, Paraíso ou Concorde Magazine.

BASES DA CONVOCATORIA

OBXECTO

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 70 prazas gratuítas para a participación no V ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA' que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia de Santiago de Compostela do 7 ao 11 de setembro de 2015.

CARACTERÍSTICAS

As 70 prazas terán 2 ámbitos de participación:

1. Rexional, mediante o que se concederán un 50% das bolsas aos solicitantes nados ou residentes na comunidade autónoma de Galicia.
2. Nacional/Internacional, no que o 50% das bolsas serán concedidas aos solicitantes de procedencia tanto nacional como internacional.

Dentro do programa do V ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA' terá lugar o 'Foro Aberto', no que todos os participantes estarán obrigados a amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos para a que o participante aportará o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés, e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

DOTACIÓN

Os 70 participantes no V ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS 'CIDADE DA CULTURA' obterán unha dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.
2. Estancia en réxime de pensión completa no complexo do Monte do Gozo de Santiago de Compostela desde o luns 7 de setembro ata o venres 11 de setembro de 2015.

3. Transportes diarios desde o complexo do Monte do Gozo ata a Cidade da Cultura de Galicia.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada un dos seleccionados estará cuberto por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polos beneficiarios.

CONDICIÓNS

Poderanse presentar todos aqueles profesionais que naceran entre 1980 e 1996, ambos os dous anos inclusive.

Resérvanse ata un máximo de 20 das 70 prazas para artistas maiores de 35 anos.

A convocatoria é aberta e poderán incurrir a ela tanto estudantes e licenciados en Belas Artes —e aíns—, como a todos aqueles que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico. Se a solicitude provén dun colectivo, aqueles dos seus membros que quixeran ser beneficiarios dunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

DOCUMENTACIÓN

Para a obtención dunha das 70 prazas será condición non ter gozado dela en anteriores edicións do Encontro.

O solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

1. Boletín de inscrición descargable en www.cidadedacultura.gal e cuberto en letras capitais ou maiúsculas.
2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 1 folia—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 follas—.

BASES DA CONVOCATORIA

Non se aceptarán traballos orixinais ou calquera documentación adxunta como catálogos ou folletos.

As solicitudes xunto coa documentación requirida deberán ser entregadas por correo electrónico nun único documento que cumpra as características citadas anteriormente. O enderezo electrónico de recepción de solicitudes será encontro@cidadedacultura.org.

A documentación entregada non lle será devolta aos seus participantes.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás **15:00 horas do venres 3 de xullo de 2015**.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

DECISIÓN E PUBLICACIÓN

O listado dos admitidos será publicado na web www.cidadedacultura.gal, o xoves 23 de xullo de 2015.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Os seleccionados deberán subscribir a súa aceptación vía correo electrónico indicando a seu nome completo (nome e apelidos) e número de DNI ou Pasaporte (segundo o aportado na solicitude), no enderezo **encontro@cidadedacultura.org**, antes do venres 31 de xullo de 2015.

A ausencia desta aceptación será entendida pola institución como de declinación por parte do solicitante e recorrerase ao listado de suplentes.

O listado definitivo de inscritos publicárase o 7 de agosto de 2015.

GRAVACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

Os seleccionados que subscriban a súa aceptación, estarán a aceptar a gravación e difusión da súa imaxe a través de tanto medios en soporte papel ou dixital, como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no V Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' do departamento de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia, supón a total aceptación destas bases.

A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

MÁIS INFORMACIÓN

encontro@cidadedacultura.org
www.cidadedacultura.gal

PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a

idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural
fenosa

Fundación Barrié

SabadellGallego^BS

Coren

Campo

GADIS

grupo
NOSA
TERRA 21

Astillero
BARRERAS
V I G O

Estrella Galicia

R

MONBUS

FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

#

E

V

ENCONTRO

A

DE
ARTISTAS
NOVOS

N

CIDADE
DA CULTURA

5



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA